

EMILIO GRANDIO SEOANE – MARIO GALLEGOS REI  
LOIS ANXO FERREIRO BESTILLEIRO - ANTONIO CASTELO BELLO

# AZOS DE MEMORIA

CARRAL NOS ANOS TRINTA



**Edita:**

**ASOCIACIÓN CULTURAL “CULTURA ABERTA”**

Rúa Víctor Velasco nº1-Entrechan A

[www.culturaaberta.es](http://www.culturaaberta.es)

15175 Carral (A Coruña)

Email:[culturaaberta@hotmail.com](mailto:culturaaberta@hotmail.com)

Tlf. / Fax: 981671321

CARRAL – A CORUÑA - GALIZA 2009

**Foto portada:**

Díaz Mosquera, C.;(1999), “*Carral, crónica fotográfica 1910-1983*”,*Espiral Maior-Concello de Carral*, páxina 35

## INDICE:

**A GALICIA DOS ANOS TRINTA** por Emilio Grandío (páx 7)

**AZOS DE MEMORIA. CARRAL NOS ANOS TRINTA,** por

Mario Gallego Rei, Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro e Antonio Castelo Bello

**1. O CARRAL DOS ANOS TRINTA. CONCELLO E SOCIEDADE LOCAL.**(páx18)

**2. GOLPE MILITAR E GUERRA CIVIL** (páx 33)

**3. ENSINO E REPUBLICA** (páx 41)

**4. O PROBLEMA RELIXIOSO. A INCAUTACION DOS CEMENTERIOS** (páx 52)

**5. ONOMÁSTICO DOS ANOS TRINTA EN CARRAL** (páx 57)

**6. APÉNDICE DOCUMENTAL** (páx 64)

6.1 Acta de constitución do Concello republicano de Carral (15/04/1931) (páx 65)

6.2 Decreto. Cese corporación monárquica (17/04/1931) (páx 67)

6.3. Incautación de cementerio de San Vicente de Vigo (16/06/1933) (páx 69)

6.4. *Información electoral. Servicio confidencial interesado por el Excmo. Sr. Ministro de la Gobernación en orden de 11 de junio de 1935.* (páx 75)

6.5. Acta do derradeiro pleno da corporación municipal de Carral perante a Segunda República (15/07/1936) (páx 82)

6.6. Fotos e traxectoria vital da derradeira corporación municipal de Carral na Segunda República. (páx 84)

6.7. Bando do subdelegado administrativo do Concello de Carral demandando víveres para o frente (01/08/1936) (páx 95)

6.8 Bando do delegado civil do Concello de Carral prohibindo difundir información sobre o Exército (10/09/1936) (páx 98)

6.9 Regulamento da *Sociedad de Instrucción y Recreo da Xuventude de San Vicente de Vigo* (27/04/1936) (páx 100)

6.10. Selos municipais e de agrupacións políticas, agrarias, gandeiras e sindicais. (páx 108)

**7. GRUPOS POLÍTICOS EN CARRAL DURANTE A II REPÚBLICA**(páx 115)

**8.SOCIEDADES DE AGRICULTORES, DE INSTRUCCIÓN E SINDICATOS**(páx 118)

**9. ACONTECIMENTOS DAQUELES TEMPOS**(páx 125)

**10. FONTES DOCUMENTAIS.** (páx 130)

## AZOS DE MEMORIA

Nos anos trinta do século XX a sociedade galega asistiu a unha viaxe acelerada entre a modernización e o estatismo, entre o laicismo e a confesionalidade católica do Estado, entre a cultura democrática e unha férrea dictadura militar, entre o respeto ás garantías individuais e colectivas e a impunidade máis absoluta detrás da aplicación reiterada da represión física e psicolóxica... Calquera persoa que aterrara de súpito no 1931 e percorrera esta década ata a finalización da Guerra Civil non sabería onde residía: os seus referentes políticos, sociais e culturais mudaran de xeito tan rápido que non os recoñecería.

Esta obra que tedes diante realizouse con dous propósitos. O primeiro deles respostou a inquedanza dos membros da Asociación Cultural ‘Cultura Aberta’ de Carral de recuperar parte da nosa historia máis recente, precisamente daquela década que marcou coa súa tráxica pegada o noso desenvolvemento como comunidade.

O segundo dos propósitos que animaron á confección desta obra foi precisamente rendir unha pequena homenaxe ós homes e mulleres de Carral que loitaron por conseguir este réxime de dereitos e libertades, despois de case cuarenta anos dun réxime dictatorial.

Só dende o rigor do traballo de investigación en arquivos, acompañado pola calidez da percepción que nos aportan as testemuñas, pódese recuperar aquel pasado colectivo. Reconstruir aqueles anos non foi tarefa doada, sobre todo tendo en conta a posición de partida respecto dos estudos realizados. Esta só quere ser unha reducida contribución co obxectivo de avanzar camiños sen percorrer nos traballos de historia local. Como indica o seu título: *Azos de Memoria*. Mais este traballo verase correspondido se contribuimos en parte con esta pequena aportación a que as xeracións máis xoves de Carral se recoñezan no seu pasado.... para construir un futuro, un porvir de convivencia e tolerancia.

Queremos recoñecer eiquí a nosa débeda con Rodrigo Bonóme López (Arquiveiro Municipal 2006/2008), pola súa grande axuda. Tamén agradecer as aportacións das familias dos nomeados nesta obra, tanto en verbas, coma en fotos. Unha forte aperta para todos eles, e moitas e sinceiras grazas. Sen a súa contribución esta memoria non sería a mesma.

**A GALICIA DOS ANOS TRINTA****Emilio Grandío Seoane**

Falar da Galicia dos anos trinta é falar case dunha realidade neurótica. Á momentos de especial euforia social -como a chegada da Segunda República en abril de 1931 ou a victoria da Frente Popular en febreiro de 1936-, lle suceden intres de fonda depresión -como a represión subseiguiente a outubro de 1934 ou o longo camiño dos tres anos de guerra civil que provocan unha rotunda fractura das sociedades locais-.

Sempre se incide no aspecto da chegada da República dende unha perspectiva de renovación e de cambio modernizador. É así o era. Nunha sociedade como a española que tiveran cincuenta anos de monolitismo do réxime da Restauración en canto a participación política, e engadidos outros oito dunha Dictadura Militar conservadora, un virtual empate no conxunto do Estado de concellais republicanos e monárquicos nas eleccións locais de abril de 1931 foi saudado como un ilusionante proceso de cambio. Dende eiquí xeneróuse o mito da *revolución incruenta* entronizada polos representantes progresistas do primeiro bienio republicano.

Mais hai que insistir na idea de en que contexto nacía esta xóven república. Se ben na realidade do Estado español o sistema republicano considerábase unha absoluta novedade, un cambio revolucionario, no ámbito europeo, coa forte oleada de crise das democracias burguesas, unha nova república parlamentaria burguesa era xa algo vello. De feito, non estaría de mais incluso recuperar para o debate historiográfico unha vella tese sobre este proceso de cambio de abril de 1931 que se atopaba ben difundida especialmente nos anos setenta, que era a da chegada deste réxime republicano por evitar unha inminente revolución: a verdade é que os condicionantes externos do período así o presumían. Un sindicalismo anarquista maioritario no Estado singular no contexto europeo, clamando pola revolución e a acción directa; un contexto internacional de crise que á altura de 1931 podía prever un recrudecemento da súa intensidade no Estado español; a práctica inexistencia da clase media, que provocaba que se percibira e aceptara de xeito doado a máis pura estratexia da loita de clases; un ambiente internacional político onde o Estado reclamaba máis poder e a sustitución do individuo como núcleo político; unha radicalización progresiva na política mundial, especialmente no que atinxe a aplicación da violencia, mesmo considerada benéfica para o rumbo da sociedade...

Nese contexto sociohistórico a nova Republica, botada a andar só uns anos, revelouse como vella. O moderno eran os totalitarismos de esquerda e de dereita; o vello as democracias burguesas. A moda naqueles conflictivos anos trinta era a superación destas expectativas parlamentarias consideradas tradicionais e caducas.

Ademais nos primeiros momentos da nacente República, cando se pretende dotar dun marco xurídico adaptado ás novas circunstancias, os recén estreados dirixentes políticos nesa vaga de ilusión utópica con que chega o novo réxime, crean unha nova Asamblea Constituinte, un primeiro Parlamento cheo de figuras de prestixio intelectual, máis por regra xeral pouco experimentadas no aspecto político práctico. E elo nun contexto onde existen varias culturas políticas cimentadas no recurso á violencia política desenvoltas dende os primeiros anos do século XX.

Precisamos facernos unha pregunta poucas veces realizada... Cantas ideas de República había naqueles anos? É necesario desbotar a idea ampliamente consolidada de que só había un proxecto de República. Estaba a *República burguesa*, a dos protagonistas do primeiro bienio republicano; había a *República dos traballadores*, obxetivo non só teórico aceptado por boa parte do sindicalismo obreiro, nomeadamente da CNT e dos sectores socialistas, cada vez más comprometidos nunha unidade de acción; tamén a *República corporativa*, a pretensión dos grupos más conservadores, liderazgo protagonizado polos sectores cedistas, que loitaban por un Estado corporativo ‘superador da loita de clases’...

A realidade foi que aquela República foi un réxime novo, e un sistema político que durou ben pouco tempo, elemento necesario para a súa consolidación. Se ben dende a perspectiva más formal durou máis de cinco anos, xa que dende xullo de 1936 a República Española seguía existindo a duras penas ata tres anos más tarde, mesmo sen recoñecer de xeito teimudo case ata os últimos días da derrota militar a declaración oficial do Estado de Guerra, tomando unha actitude case surrealista para non recoñecer ‘de facto’ a lexitimidade da sublevación. Un réxime que a altura de 1931 pretendía construir exnovo unha nova realidade social de progreso, máis que tiña as súas rémoras, mesmo naqueles que pretendían as reformas. Non en ván as cinco décadas da Restauración tiveron a súa pegada á hora de modernizar social e políticamente o Estado. As resistencias ó proxecto foron notables e numerosas, e o longo destes anos os sectores más progresistas non foron quén de aglutinar novos sectores sociais para a causa da República burguesa.

Ben pola presión dos sectores de esquerda, ben polos grupos más conservadores, o certo é que o proxecto da República burguesa daquel primer bienio quedou cada vez más aillada. Cando falamos do que recoñecía aquela sociedade como a auténtica ‘esquerda’ non era o partido de Azaña, nin o de Marcelino Domingo, senón a esquerda obreira, un sindicalismo que se conceptualizaba maioritariamente na teoría e

na acción pública como revolucionario, cunha tradición e identidade política non nacida no 1931 senón cimentada ó longo de moitos anos. De xeito semellante a dereita maioritaria nunca aceptou de feito de seu o sistema republicano que viña a sustituir á monarquía tradicional, ainda das posicións accidentalistas respecto do sistema político, e que foran plantexadas como a alternativa máis rápida para poder competir no plano institucional cos sectores republicanos.

Varios eran os problemas que tiñan ante sí os primeiros gobernantes republicanos e que se convertiron nas pedras de toque durante estes cinco anos respecto do rumbo da II República. Seica un dos más importantes, sobre todo no plano local, vai a ser o conflicto cos representantes eclesiásticos. Se ben existían párocos que dende o primeiro momento entenderon que na sociedade se plantexaba un desexo de cambio no rumbo político, outros dende os primeiros meses decidiron boicotear todas as accións dos dirixentes políticos a través dos seus púlpitos, animados pola xerarquía eclesiástica galega, dun contido especialmente reaccionario.

Esta xerarquía colocouse de saída fronte ó réxime, fundamentalmente pola identificación tan estreita existente entre republicanismo e anticlericalismo. A imaxe da Igrexa nas décadas inmediatamente anteriores á chegada do réxime observase sempre en clave de poder, como un representante oficial máis da elite institucional. Dende os primeiros meses da República a Igrexa provocou coa mobilización das súas elites de Acción Católica e da ACNP a formación de organizacións que frearan o que consideraban a *agresión laicista*, creando o que se deu en chamar un par de anos máis tarde a CEDA. No caso galego a URD.

Esta actitude intensificase cos artigos da Constitución laicistas e reafírmase, tras diversas vicisitudes, no peche de filas de todo o conservadurismo fronte a aprobación polo Parlamento da Lei de Congregacións en 1933. Mais como xa comentaba anteriormente, dende o nivel local, o conflicto relixioso postúlase case como o principal elemento de fricción político. Esta situación era observable na práctica da secularización dos cementerios e na oposición de boa parte dos representantes relixiosos a súa municipalización, en moitas ocasións dentro dunha estratexia forte en intensidade de mobilización social das súas redes de influencia. Tras a chegada ó poder das corporacións da dereita, en novembro de 1933, e sobre todo tras a suspensión das corporacións pola prohibición dos partidos progresistas e de esquerda con motivo da folga xeral revolucionaria de outubro de 1934, as posturas entre representantes republicanos e sectores relixiosos fixéronse moito máis doadas, mesmo facendo voltar

atrás posturas aprobadas nas anteriores corporacións. O tema relixioso revelouse como un dos millores exemplos dos ‘bandazos’ políticos a nivel local tras as eleccións xerais, xa que tras a victoria da FP, boa parte das parroquias galegas se viron afectadas por expedentes de expropiación das Casas Rectorais, co obxectivo de convertilas en locais de ensino. Dito polos seus mesmos integrantes, a CEDA era o *partido dos curas*, é decir, que os curas tomaban partido. E a altura de 1936 a loita política tiña unhas claves moi concretas perfectamente visibles para o conxunto da sociedade. O doble papel relixioso/político xogado polos representantes da Igrexa xogou na súa contra non só nos meses da FP, senón tamén nos dramáticos procesos vividos inmediatamente tras o golpe militar de xullo de 1936 no sector dominado pola legalidade republicana.

O ámbito educativo atopábase ata a chegada da República copado polos sectores eclesiásticos que viron neste apartado unha das súas millores estratexias, educando ás novas fornadas nos seus valores. O Estado republicano tiña entre as súas principais prioridades dotar dunha estructura de ensino propia, a marxe e independentemente de credos políticos ou confesionais. De ahí a vontade unánime dos dirixentes republicanos e de esquerda en considerar a cultura e o ensino como unha das pedras angulares do novo sistema de valores. Os mestres convertiríanse na punta de lanza desta nova realidade. De feito, en todas as sociedades locais galegas atopamos o ensino -e os mestres- personificando o cambio cultural como unha actividade de difusión dos valores de convivencia e tolerancia da nova sociedade democrática republicana.

Esta aposta pola cultura e a renovación do ensino foi a auténtica xeneradora dun cambio de mentalidades que se plasmou a medio e longo prazo, máis que só cinco anos da difusión destes novos valores foron quén de cimentar unha nova consideración do mesmo concepto do sistema político español a construir nos primeiros anos da transición democrática. Sen eles, sen a súa formación, sen a súa pegada é imposible entender os acontecementos de mediados dos setenta no Estado.

A este interese polo ámbito educativo se lle engadía a existencia no ano 31 á chegada do novo réxime dunha infraestructura educativa deficitaria no Estado, e a consideración dende as novas institucións de que era prioritario un novo plantexamento do ensino. O papel dos mestres foi fundamental na imaxe da nova República, dacorde ó seu activo papel no proceso de modernización social, especialmente nos ámbitos locais, como ben se percibiu nos efectos que a represión realizou sobre eles por parte dos dirixentes golpistas.

Un dos grandes problemas do proceso de modernización emprendido era precisamente a necesidade de levar adiante moitas reformas en pouco tempo. Un dos casos más paradigmáticos neste senso foi o electoral. Aquela era a primeira tentativa de democracia participativa en moito tempo, mais que viña dunha práctica do sufraxio totalmente distanciada do novo proxecto. A realidade das redes clientelares galegas, da existencia das *bolsas de votos*, era un elemento que ninguén podía despreciar, e que cando se verificaba o proceso de votación a súa trascendencia non era desdeñable.

A calidade da democracia republicana era millorable, como moitos dos países do seu entorno e condición política, e o fraude electoral existiu, independentemente de a quén beneficiara, tanto posicions de dereita como de esquerda. De feito, nestes acelerados cinco anos non puideron celebrarse máis eleccións municipais que as de abril de 1931 –repetidas en maio dese ano e na primaveira de 1933 nalgúns Concellos para cubrir vacantes tras a ausencia dos sectores monárquicos- convocadas pola antigua monarquía. Os cambios políticos locais viñeron dados de xeito exclusivo polos cambios de eleccións xerais -1931, 1933 e 1936- reproduciendo semellante esquema que o da Restauración e da Dictadura de Primo de Rivera no papel central do Ministerio de Gobernación na designación dos representantes políticos locais, mesmo a través da formación de ‘xestoras interinas’.

Tamén hai que ter en conta que a ‘escola política’ práctica de boa parte dos dirixentes republicanos non fora precisamente dende o cultivo das virtudes do proceso representativo e das garantías da democracia. Tanto a súa formación previa –á marxe da súa vontade de cambio- como a realidade da política diaria facían non moi doado cambiar este esquema. Un exemplo desta pervivencia das actitudes más tradicionais representa sen dúbida o voto femenino, onde os partidarios e detractores da ampliación do sufraxio universal masculino á muller provocaba graves disputas internas dentro das mesmas estructuras de partido, o que provocou que se plantexara o tema dende unha perspectiva estrictamente persoal, como si dunha cuestión de conciencia se tratara. Dabase a curiosa circunstancia de que as mulleres podían, como así foi, resultar elexidas nas eleccións de 1931 más non podía exercer o seudereito ó voto. A votación desta ampliación, realizada en 1933, foi gañada por un escaso marxe, sen distinción apreciable entre a decantación do voto dos deputados de esquerdas e dereitas.

Aínda así, e tendo en conta a necesidade de ter baixo vixiancia estas características do sufraxio, a sociedade votaba, e participaba políticamente sen

diferenciarse do que acontecían noutras sociedades do redor, no noso contexto europeo. Mesmo nalgúnha outra administración europea acadóuse un maior grao de confrontación política que nos anos da II República en España, e non por eso revelouse como necesario, como o seguinte paso, unha guerra civil. Dende a perspectiva historiográfica resulta evidente que esa é unha construción a posteriori.

Do mesmo xeito a estructura do sistema de partidos non se atopaba desenvolta. De feito, o baleiro de poder deixado polos representantes do anterior sistema político foi notable. O recambio inmediato tivo en Galicia unha das zonas onde millor funcionou este relevo, xa que en poucos días prácticamente toda Galicia, a partir mesmo da repetición de eleccións no mes de maio, atopábase con posibilidades de gobernabilidade, o que sen dúbida incrementou o prestixio de Casares Quiroga e a rede da Federación Republicana Gallega. A grandes rasgos esta era a estructura galega de partidos:

A ORGA, refundada posteriormente como Partido Republicano Gallego e logo, tras o desastre electoral de novembro de 1933 como a sección galega de Izquierda Republicana, nunca se configurou como un partido de masas, e sempre adoleceu dunha excesiva dependencia dos posicionamentos do seu líder, Casares.

O Partido Republicano Radical ten durante estes anos o seu proceso de maior viraxe ideolóxica, dende os posicionamentos republicanos de centro ata a defensa dos intereses eclesiásticos. Realmente, e ainda que hai que diferenciar entre as provincias, é unha organización de elites tradicionais que atopan neste espazo un acomodo axeitado nos anos republicanos. O seu principal, e casi único motor, vai a ser a procura do poder republicano, e mesmo chegaran ó final deste tempo totalmente desfeitos e sen posibilidades de incidir na vida política diaria. Con él o espazo de centro desaparece.

O Partido Socialista Obrero Español é sen dúbida a organización política millor estructurada como partido a hora de abril de 1931. Sen embargo, a súa incidencia en Galicia é reducida neste momento, ainda que incrementándose a partir do aproveitamento no seu momento de cada unha das súas tendencias internas.

A esquerda, ou millor dito, o que toda a sociedade recoñecía como esquerda naqueles anos eran os sindicatos obreiros, dependentes da UGT ou da CNT. Realmente eran as organizacións de masas, aquelas que aglutinaban e movilizaban un número considerable de afiliados e simpatizantes; aquellas que decantaban os procesos electorais cara unha banda ou cara outra. Á súa movilización estrictamente económica

ou laboral lle engadían aqueles sindicatos neste momento reivindicacións políticas concretas, e mesmo a procura dun proceso revolucionario.

Os sectores conservadores, moito más plurais na conformación de organizacóns que nos nosos días, pasaron dunha situación de shock paralizador na primaveira de 1931 á reconfiguración en poucos meses da maior organización de dereita católica nunca vista a través da URD-Acción Popular. A creación da CEDA en marzo de 1933 permitiu salvar un dos seus movementos más críticos, tras o fracaso do golpe de Sanjurjo, deixando fora xa no outono de 1932 ós sectores expresamente pro monárquicos. Esa pegada modernizadora da dereita católica, e a súa extensa mobilización, foi quen de convertirse pouco máis de dous anos despois de abril de 1931 no partido con maior número de escanos do Estado. Naqueles anos nos seus simpatizantes había unha sensación de euforia contida debido a non interrupción do seu proceso de crecemento político ata que os resultados electorais de febreiro de 1936 lle fixeron baixar das altas esperanzas políticas nas que se encadraran. De feito, nunca imaxinaron que unha derrota electoral fora posible.

Ainda que xa antes, sobre todo tras outubro de 1934, e moi especialmente tras febreiro de 1936, a simpatía por opcións conservadoras más radicalizadas do que representaba a dereita cedista foi en aumento. Renovación Española ou Bloque Nacional foron dúas tentativas cunha representación política escasa na política de Estado, más enormemente influentes na percepción da política diaria galega, sobre todo no caso da provincia de Ourense, ‘feudo’ absoluto durante os tres procesos electorais xerais do calvosotelismo. As súas diferencias ían máis alá dos aspectos puramente ideolóxicos respecto da URD-CEDA, xa que se ben estos eran claramente unha organización de masas, os segundos definíanse dentro da más ortodoxa concepción de partidos de elites.

Mais o ámbito temporal desta obra vai máis alá do 36. E sempre a mesma pregunta: por qué? Que provocou que se enfrentaran irmáns contra irmáns? Que fixo que se xenerara este drama colectivo?

Unha guerra civil non é explicable en poucas liñas. Mesmo en ocasións as súas claves non se poden descifrar dende unha tentativa lóxica de racionalización dos feitos acontecidos. Compartibles ou non as causas esgrimidas nun proceso racionalizador, creo que neste caso en concreto resulta imprescindible ubicarse no seu contexto espacio temporal, xa que non é doado entendelo dende a perspectiva da

Galicia do 2009. Era a mesma sociedade de 1936 a que facía ben pouco tempo saía dun tempo que na percepción popular era considerado políticamente estático como a Restauración Borbónica e o engadido dos anos da Dictadura de Primo de Rivera. A alternativa republicana fronte a desfeita monárquica dos derradeiros anos da Dictadura de Primo de Rivera, realizouse prácticamente nun ano e medio, e nun proceso de tránsito onde as estructuras de poder galegas salientáronse de xeito positivo neste cambio de poder. Polo redor non había tampouco moitos modelos democráticos que provocaran admiración, dentro dun contexto xeralizado de crise das democracias parlamentarias. A fractura social e económica, o distanciamento en determinados temas puntuais como o debate sobre o modelo territorial, o papel da relixión católica no Estado, ou mesmo a participación dos militares como garantes e guías da orde pública, incidían tamén nas tentativas de desenvolvemento daquela sociedade.

De tódolos xeitos, e ainda que se trate dun conflicto entre membros dunha mesma comunidade –ou precisamente por elo- non se pode abordar o tema da finalización dun réxime democratico a través dunha guerra civil dende unha perspectiva maniquea, entre o blanco e o negro do fracaso ou do éxito. Esa é tamén a perspectiva difundida durante máis de cuarenta anos do franquismo, precisamente co obxetivo de consolidar o seu poder, máis non debe ser a dos técnicos do pasado, a dos historiadores que difunde os valores dunha democracia de convivencia e tolerancia.

E certo que os anos da República teñen os seus claros e sombras. Non é o lugar para afondar moito neste tema, máis simplemente á xeito de colofón incidir precisamente nas posicións sobre ese pasado xa que ainda que curiosamente hai unha unánime posición no discurso dos historiadores segue sen ser totalmente consensuado socialmente:

Aqueles que defenden o fracaso da Republica na súa posición dialéctica de saída é acertado: a República non durou moito tempo, só cinco anos. De feito, ó final do réxime amosáse unha fonda incapacidade dos seus representantes por aglutinar e recoller novos sectores sociais. Estes cada vez distanciábanse máis delo. Os resultados electorais de febreiro de 1936 amosan unha sociedade española políticamente esgazada case ó 50% en dúas posicións políticas moi distanciadas, onde a victoria en número de votos –non de escanos finais- foi dun 2% a favor dos candidatos da FP. Mais sen embargo tampouco se pode analizar a Republica só dende o 36, porque todo o mundo coincide en que o tempo político do 31 non tiña nada que ver co de cinco anos máis alá, por determinadas circunstancias que non compre agora desenvolver.

Os que defenden as posicións más achegadas ó éxito do sistema republicano baseánse sobre todo na perspectiva a medio prazo, tendo en conta os referentes desa República como construción da memoria dun sistema democrático máis inmediato. De feito, o recordo propiciado dende o franquismo da desorde do sistema republicano provocou á contra unha necesidade do consenso para construir un rexime de maiorías.

A mitificación da República, a explicación e difusión dos seus valores dende as perspectivas más tópicas, foi necesaria para subsistir con esperanza no franquismo, que durou catro longas décadas. Hoxe en día esa mitificación, que serviu para a pervivencia deses valores, agora pode revelarse na súa contra como un producto da ausencia de coñecemento histórico. Por eso é necesario, na perspectiva de futuro, recuperar o pasado e a súa memoria: rudimentos de labor precisos para o traballo do historiador e fontes necesarias para o rumbo en positivo da sociedade civil.

Tódolos poemas que introducen os capítulos proceden da obra: Fernández Rodríguez,M, edición e introducción; varios autores,(2006), “**POEMAS POLA MEMORIA 1936/2006**”, *XUNTA DE GALICIA.*

*Como recoñecer o antigo rastro  
que por algunha parte permanece? ...  
Corpo caído, morte,  
estación que non presta nin a folla*

Xohana Torres  
Cantiga da poesía *Outono en Rianxo*

**O CARRAL DOS ANOS TRINTA.  
CONCELLO E SOCIEDADE  
LOCAL.**

Na sociedade de Carral os labregos sempre foron un grupo maioritario. O traballo no campo rendía para vender os seus productos no mesmo Concello, pero tamén nas feiras de A Coruña, Ordes ou Santiago. A masa traballadora labrega ía acadando en proporción crecente una maior conciencia de clase, conciencia de seu querendo con forza desfacer o problema que lle ataba dende séculos, semellante ao do resto de Galicia. Aínda nos primeiros anos 30 os propietarios de gran cantidade de terras e os herdeiros dos fidalgos mantiñan grande influencia e poder sobre os traballadores, e mesmo moitos deles traballaban directa ou indirectamente para eles. Esta situación foi mudando coas novas que lles ían chegando ás parroquias carralexas, como se dun proceso de liberación se tratara, das posibilidades que lle ofertaba o asociacionismo. A vontade de conformación do tecido asociativo prendía nesta sociedade local coma se fora un lume que estende as súas lapas parroquia a parroquia por todo o Concello. Deste xeito, no 1930, atopamos que grande parte de labregos de Carral pertencían ao sindicato-asociación que se creaba na súa parroquia, coma instrumento máis cercano para tentar a resolución dos moitos problemas xerais e/os específicos de cada unha.

Nos meses finais da Dictadura, xa sen atoparse no poder o Xeneral Primo de Rivera, a situación institucional sufriu un acelerado desprestixio. As tentativas de modernización dende os sectores más progresistas e o tecido asociativo agrario galego, creado dende finais do século XIX, representaba para os derradeiros estertores da Dictadura un verdadeiro problema. Os Gobernadores Civís, os delegados gubernativos do Ministerio de Gobernación, tentaron controlar a gran cantidade de asociacións e sindicatos que xurdiron por toda Galicia. Elo provocou que dende a Coruña se lle solicitara a cada nova asociación, dentro do cumplimento da legalidade vixente, a documentación pertinente. Nos primeiros días do mes de decembro de 1930, a Delegación Provincial de Economía manda ao Alcalde de Carral que notifique ao presidente de cada Sindicato a remisión documentada á institución neste mesmo mes e ano. Esta comunicación a reciben: Manuel Mosquera, presidente Sindicato Agrícola de Sumio; Antonio Taboada Insua, presidente Sindicato Agrícola de Quembre; e Blas Andrade Ferreiro, presidente Sindicato Agrícola de Sergude<sup>1</sup>.

Laureano Núñez, como Secretario da Unión General de Labradores de Cañas, presenta o 28 de febreiro de 1930 copia dos artigos primeiro e quinto do Reglamento do Sindicato. No primeiro deles dí que a Sociedade:

---

<sup>11</sup> Arquivo do Reino de Galicia. Fondo Governo Civil. Mazo 1817

*Se constituye una asociación de propietarios, colonos o arrendatarios, obreros agrícolas que residan en la parroquia de Cañas, ayuntamiento de Carral, y tenga como oficio el desarrollo de la industria pecuaria y agrícola que se denominará “Unión General de Labradores de la parroquia de Cañas”*

No artigo quinto:

*Para ser socio de la “Unión General de Labradores de Cañas” se requiere ser varón o hembra, mayor de edad y estar en pleno ejercicio de plena capacidad jurídica. Las mujeres además de las condiciones dichas, habran de reunir la de ser cabeza de casa<sup>2</sup>*

As autoridades do Concello de Carral no ano 1929 eran persoas ás que se debía pleitesía, obediencia máis ala das propias leis. Unhas e outras se cubrían en calquera problema que houbese, unhas e outras se turnaban en distincións e beneficios, polo que non é raro atopar documentación na que se “obriga” a todo funcionario público a participar nunha homenaxe ao Gobernador Civil da Coruña nese mesmo ano. Aínda más, a todos aqueles funcionarios que non actuan “debidamente” se lles envia unha circular da alcaldía onde se lle recorda que o regalo á devandita autoridade consistirá en *un bastón de mando, un album con firmas costeado por suscripción, cuya cuota individual única que se señaló, será de una peseta, polo que me dirijo a vd. por si tiene el gusto suscribirse para tal objeto con la expresada cantidad, la que entregará al portero de este municipio al comunicarle la presente.* Este escrito levaba, na parte esquerda, unha relación co nome de tres concelleiros, trece mestres e mestras, dous médicos, un boticario e tamén todos os párrocos do distrito.

Este xeito de actuar é unha consecuencia máis do tipo de administración daquel tempo, absolutamente dependente das disposicións gubernamentais. A realidade da política viña nunha liña de arriba cara abaixo.

Os integrantes da Corporación Municipal no Concello de Carral naquel momento, designados en virtude da súa representación por parroquias, curiosamente semellante ás estruturas locais das primeiras xestoras dos golpistas tras xullo de 1936, eran os seguintes:

César Otero Pardo

parroquia de Paleo

---

<sup>2</sup> Arquivo do Reino de Galicia. Fondo Governo Civil. Mazo 1817

Francisco Bermúdez N	parroquia de Veira
Jesús Dans Sánchez	parroquia de Veira
Jesús Vázquez Ferreira	parroquia de Veira
José Muiño Taibo	parroquia de Tabeao
José Morandeira Regueira	parroquia de Tabeao
Jacinto Barbeiro Fernández	parroquia de Paleo
José Ramos López	parroquia de Tabeao
Pedro López Blando	parroquia de Tabeao
Manuel Mosquera Regueira	parroquia de Sumio
Pedro Espiñeira Boquete	parroquia de Veira <sup>3</sup>

Dende logo que o cambio da República significou tamén un troco de concepto na mesma concepción do poder local. Esta era a composición do Comité Republicano:

Jesús Doval García – Alcalde  
 Manuel Santos López  
 Gumersindo Rubial Gracia  
 Manuel Núñez Rodríguez  
 José González Ferreiro  
 José Rodríguez Doval  
 Jacobo Caramelo Alonso  
 Manuel Novoa – secretario  
 Santiago Pardo Blanco – Secretario

Este comité tomou posesión do Concello de Carral, na data do 20 de abril de 1931, proclamando a República *en virtud del imperioso mandato que le ha conferido el pueblo*<sup>4</sup>

O primeiro acordo que toma o referido Comité é facer público, por medio de edictos *A PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA* e nomear presidente do Comité a Jesús Doval, para desempeñar con carácter provisional a alcaldía e como vogais os demais membros de devandito Comité. O novo Alcalde asinou tamén un decreto para

---

<sup>3</sup> Arquivo Municipal do Concello de Carral

<sup>4</sup> Arquivo Municipal do Concello de Carral

notificar ao Alcalde e concelleiros saintes que cesen no desempeño dos seus cargos que tiveran ata o día 17 de abril. Antes de rematar a sesión constitutiva do novo Concello de Carral colocaron a bandeira republicana no salón consistorial e sustituiron o retrato de Alfonso XII polo símbolo da República.

Nesta reunión, no local do Concello de Carral, baixo a autoridade do Alcalde e presidente do Comité, Jesús Doval García e secretario, Manuel Novoa López, constituíuse unha Comisión Permanente. Un dos acordos tomados na devandita reunión foi a proclamación dun bando aos veciños a fin de comunicar�les que podían reclamar, por medio do Comité Republicano, contra as elección municipais celebradas o 12 de abril. Esto viña motivado por dúas circunstancias: un, o elevado fraude electoral e a insuficiencia das garantías electorais do réxime anterior; e dous, a necesidade dos sectores republicáns galegos de cimentar canto antes o novo réxime.

As persoas que integraban o Comité Republicano Local eran as seguintes: Manuel Santos López, Paulo Blanco, José González Ferreiro, Jacobo Caramelo Alonso, Gumersindo Rubial García. Ademais, este Comité propuxo para nomear a Comisión Xestora a Jesús Doval García e Manuel Núñez Rodríguez.

O Comité celebra unha sesión extraordinaria o 25 do mesmo mes, segundo as instruccións chegadas do Goberno Civil da Coruña, polo que acordan constituirse en Comisión Xestora, presidida polo presidente do Comité, Jesús Doval García, tomando posesión dos seus cargos e funcións. As reunións seguiron a celebrarse os días 27 e 30 deste mes. Nesta última xuntanza acordaron:

*1- Dar por instaurado el régimen republicano, proclamada la República y reconocer y acatar a esta, a sus supremas autoridades que constituyen el gobierno municipal.*

*2- Adherirse en todo a los actos y mandatos de este Gobierno y ofrecer a los mismos por medio de su presidente a la cooperación de esta comisión gestora, a la obra Patriótica que está realizando.*

*3- No hacerse solidario con los actos y hechos realizados todo el tiempo de la Dictadura en el caso de que fuesen ilegales y arbitrarios<sup>5</sup>*

O momento é crítico, o 5 de maio a nova corporación, ponse a traballar, áinda que andaba no aire unha certa sensación de revancha que o Goberno quería atallar, polo que o gobernador da Coruña , publica unha providencia, no Boletín

---

<sup>5</sup> Arquivo Municipal do Concello de Carral

Oficial do día 4, instando a todos os funcionarios municipais *a abstenerse de utilizar sus cargos para fines políticos, sin perjuicio de que tienen completa libertad para hacer propaganda de sus credos ideológicos pero al margen de toda organización caciquil.* A misiva se dirixe a :

José Gómez de la Iglesias	médico
Angel Allones	médico
Gregorio Dantro Rapela	boticario
Waldo Lareo Jiménez	oficial 1º
José Fuentes Rodríguez	oficial 2º
Manuel Morano Hidalgo	alguacil-portero

Carral contaba cunha poboación de 5673 habit. e 1621 electores, según o sistema de sufraxio censitario en que se produciron as eleccións de abril de 1931. as eleccións locais realizadas o inmediato 31 de maio, para cubrir as vacantes deixados polos candidatos monárquico, deron o seguinte resultado:

NOME E APELIDOS	CARGO	VOTOS	FILIACIÓN POLÍTI
Eduardo Valdés Pardo	Alcalde	319	ORGA
Jesús Doval García	1º Tenent	152	ORGA
Avelino Veleiro Sampedro	2ª Tenent.	152	ORGA
Ramón Doval Beade	1º Síndico	317	ORGA
José Mosquera Rivas	2º síndico	319	ORGA
Manuel Vila Graña	Concejal	322	ORGA
José Vázquez Pedreira	Concejal	321	ORGA
José Seoane Freire	Concejal	320	ORGA
Antonio Mosquera Caridad	Concejal	318	ORGA
Jesús Dans Sánchez	Concejal	152	ORGA
Jacobo Caramelo Alonso	Concejal	152	ORGA
Manuel Ares Otero	Concejal	138	Agraria Republicana
Manuel Barbeito Míguez	Concejal	138	Agraria Republicana

É decir, o absoluto control da primeira corporación republicana polas redes casaristas, controladores do espazo público nestes primeiros meses do réxime en Galicia, máis moi especialmente na area de influencia da cidade da Coruña.

Importancia nestes meses tivo a concesión dunha autorización para establecer un servicio público de viaxeiros entre A Coruña – San Vicente de Vigo (Carral), solicitada por Gumersindo Rubial, propietario de transportes “EL INDUSTRIAL”. Esto vai supor un beneficio social e económico para todos, por ser un medio de transporte axeitado que poñerá en rápido contacto coa capital provincial ao grande número de labregos que, dende diferentes lugares das parroquias, teñen que facer distintas actividades, moitos deles levando os seus productos agrícolas e gandeiros ata os mesmos mercados herculinos.

Pé de foto: Primeiro coche (Chevrolet) da liña Carral-Coruña. Empresa “EL INDUSTRIAL”, fundada por Gumersindo Ruibal Graña  
Díaz Mosquera, C.;(1999), “*Carral, crónica fotográfica 1910-1983*”,*Espiral Maior-Concello de Carral, páxina 27*

A Corporación acolle con entusiasmo a idea de celebrar en Santiago unha reunión para tratar o anteproxecto do Estatuto de Galicia, por consideralo coma unha necesidade para o país. A tal feito designarase unha Comisión composta polo Alcalde, 1º e 2º tenentes de Alcalde e secretario a fin de que representan ao Concello de Carral na citada reunión.

Dende 1846 foron moitos os anos nos que diversos grupos sociais e políticos viñan rendindo homaxe aos chamados Mártires de Carral. Grupos diferentes achegábanse ao monumento e capela do Socorro situados na estrada que por Carral vai de Santiago-A Coruña, onde estaban confinados os militares que logo foron fusilados en varios lugares do Concello, e soterrados no camposanto da antiga igrexa de Paleo. No 24 de abril do ano 1932 foi a delegación compostelana do Partido Galeguista quen pide permiso ó Concello para facer unha ofrenda e un mitín posterior cos oradores: Francisco Fernández del Riego, Victor Manuel Lugrís Freire, Plácido R. Castro, Victor Casas e o deputado polas Cortes Constituintes Ramón Suárez Picallo. Un mes máis tarde é o Centro Republicano Federal da Izquierda Gallega de Santiago o que pide permiso ao Alcalde de Carral para a colocación dunha pequena lápida en honor dos fusilados.

No 1933 pouse en marcha unha folga xeral. Declarada ilegal por ter un *fin sedicioso y con procedimientos delictivos*, o Gobernador Civil ordea ao Alcalde que impida toda clase de manifestacións e escriba ao goberno o nome das persoas que o fagan.

O mes de abril de 1934 tráenos o xuizo de seis veciños de Carral por *insulto a fuerza armada*, para o que o *Juzgado Militar Permanente de la 8º división*, solicita averiguacións da súa verdadeira *conducta moral, pública y privada; sus virtudes y vicios; vida y costumbres; hábitos y tendencias y sus buenas y malas compañías de los veciños*:

Manuel Garaboa Louro, 33 anos, labrego e veciño de Sumio.

Ricardo Garaboa Louro, 35 anos, labrego e veciño de Sumio

Gerardo Votana Garaboa, 18 anos, labrego e veciño de Sumio

Jesús Orgeira González, 31 anos, labrego, solteiro e de Veira

Manuel Rivas Suárez, 18 anos, labrego, solteiro e de Veira

Antonio Candal Orgueira, 21 anos, labrego, solteiro e de Veira

O 2 de maio do ano 1935 constitúese o novo Concello interino, no cese do anterior, por orde do Gobernador Civil da Coruña:

César Otero Pardo	Alcalde	Radical
José Mosquera Rivas	1º tenente Alcalde	Radical
Arturo Insua Brandariz	2º tenente Alcalde	Radical
José Martínez Brea	1º Rexidor síndico	Radical
Jesús Pardo N	2º Rexidor síndico	Radical
Jacinto Gestal Rodríguez	concelleiro	Radical
Generoso Ulloa Rodríguez	concelleiro	Radical
Angel Barreiro Cabeiro	concelleiro	Radical
Laureano Núñez Rivas	concelleiro	Radical
José Barbeito Cacheiro	concelleiro	Radical
Benito Rodríguez Doval	concelleiro	Radical
Francisco López Muiño	concelleiro	Radical
Manuel Morandeira	concelleiro	Radical

O control dos homes do Partido Republicano Radical é manifesto. Foron elexidos de xeito interino ante a suspensión dos representantes elexidos anteriormente pola sua suspensión, como na maioría dos concellos do Estado, ante os feitos da folga xeral revolucionaria de outubro de 1934. Estes concelleiros tomaron posesión dos cargos e funcións o 4 de maio de 1935. Procédeuse á elección do Alcalde, por medio de papeletas que foron depositando na correspondente furna. Unha vez rematada a votación e verificados os votos, resultou elexido por unanimidade César Otero Pardo, pasando a ocupar a presidencia. Polo mesmo sistema tivo lugar á elección dos demáis membros:

José Mosquera Rivas	1º Tenente de Alcalde
Arturo Insua Brandariz	2º Tenente de Alcalde
José Martínez Brea	1º Rexidor síndico
Jesús Pardo N	2º Rexidor síndico

Faltaron á toma de posesión Generoso Ulloa, Laureano Núñez Rivas, Jacinto Gestal Rodríguez e Benito Rodríguez Doval, por non poder chegar antes *por vivir en parroquias distantes*. O secretario deulle posesión dos seus cargos. O concelleiro José Martínez Brea quedou designado Depositario Interino de fondos.

Dous días despois, segundo as facultades do artigo 58 da Lei Municipal, noméanse aos Alcaldes de barrio, postos que recaeron nas seguintes persoas :

Por Cañas	Manuel Santiso N.
Por Pale	Francisco Sánchez Lado
Por Quembre	Manuel Otero Costa
Por Sergude	Andrés Meijide Pose
Por Sumio	Antonio Cabanal Doval
Por Veira	José Corral Caamaño
Por Vigo	Manuel García Gómez

Esta nova corporación quere dar un novo rumbo á política municipal de Carral, achegando ao pobo o novo xeito de facer política e fuxindo de anteriores esteriotipos. Desta forma na sesión celebrada dous días máis tarde *acuerdan por unanimidad, no hacerse responsable de ninguna resolución, acuerdos o expedientes, que se hayan acordado o tramitado por la anterior Corporación comprendidos en el pliego de cargos formulados por las inspecciones gubernativas que revisan la marcha administrativa de aquella corporación suspendida gubernativamente, ni tampoco de la que pueda aparecer en revisiones que se hagan en lo sucesivo*<sup>6</sup>

Esta corporación nomeada de xeito interino, recoñecía tamén a súa propia fonte de poder, que non era outra que a designación directa das institucións gubernamentais, non a sociedade a través do seu dereito cidadán do voto. Ainda que outubro de 1934 non deixara unha pegada moi forte no Concello, o certo é que, seguindo a vaga das suspensións de todas as organizacións e representantes públicos progresistas, tamén se fixo así en Carral. Mais os interinos tiñan moi en conta esta situación. E así a capacidade de poder, de influencia sobre a localidade, era reducida debido ó seu propio desprestixio. Neste camiño chega ao 4 de novembro, en que parte da corporación presenta escrito, diante do Alcalde, Laureano Núñez, Generoso Ulloa e Jacinto Gestal, renuncia irrevocable dos seus respectivos cargos. Estes eran os motivos que expoñían para a súa renuncia:

---

<sup>6</sup> Arquivo Municipal do Concello de Carral

a- Indicaban que aceptaron os cargos *animados del pensamiento de normalizar la vida administrativa del municipio y dar cumplida satisfacción a las ansias populares que exigían una depuración de las responsabilidades contraídas, y una reforma en la prestación de los servicios municipales. La inercia que domina el espíritu de esta Comisión Gestora favorable a la impugnación de los hechos que motivaron la propia existencia, contraria al decoro y el interés político que nos anima.*

b- *La administración de este Ayuntamiento, lejos de responder a los deseos de todos, de mejorar sus formas y ceñir su acción a las necesidades locales, tiene que irremediablemente acometer aquellos mismos vicios que criticábamos en corporaciones anteriores: un sentimiento de dignidad política nos impide ser cómplices de este estado de cosas.*

c- *Descubrimos un cúmulo de arbitrariedades, de desigualdades irritantes, que lógicamente han levantado un estado de opinión adverso: conscientes de que la distribución provisional responde a un criterio sistemático, que no dará lugar a relaciones, nos creemos obligados a protestar contra estos métodos caciquiles<sup>7</sup>*

Estas renuncias, e sobre todo as causas que as motivaron, sendo unha cuestión política importante, vai ser contestada polo Alcalde, na sesión ordinaria do 23 de novembro, na que acepta as renuncias presentadas e rechaza a problemática presentada por ser contrarias á marcha administrativa do municipio, e tamén por estar desconformes co Repartimento de Utilidades.

De feito o Concello en pleno acordou aceptar a renuncia dos cargos indicando *lo infundado de las causas aducidas por los que renuncian, porque precisamente la Corporación encamina sus esfuerzos a normalizar la administración municipal con el mayor interés, y austeridad en los gastos a realizar y, en cuanto al Repartimiento de Utilidades mencionado, solo resta decir que es la Junta correspondiente, y no el Ayuntamiento, la que vistas las Utilidades estimadas por las Comisiones de Valiación, fijan las cuotas de los contribuyentes.*

A vida municipal segue o seu curso, coa toma de posicións de diversos grupos, donde o espazo da parroquia, máis que o interés xeral ou o partido político, incide grandemente na toma de decisións. O Concello de Carral non consegue

---

<sup>7</sup> Arquivo Municipal do Concello de Carral

a paz necesaria para lograr un camiño de participación social e programación de obxectivos políticos, económicos, etc.,.. Nos primeiros días de febreiro do ano seguinte, 1936, o Concello abre expediente de reposición dos concelleiros de elección popular, por cese dos que desempeñaban tales cargos, interinamente, segundo a orde do Gobernador Civil. Neste expediente decretouse o cese dos concelleiros:

César Otero Pardo  
 José Mosquera Rivas  
 Arturo Insua Branderiz  
 Jacinto Gestal Rodríguez  
 Francisco López Muiño  
 José Martínez Brea  
 José Barbeito Cacheiro  
 Ángel Barreiro Cabeiro  
 Laureano Núñez Rivas  
 Jesús Pardo N.  
 Generoso Ulloa Rodríguez  
 Manuel Morandeira Muiño  
 Benito Rodríguez Doval

E repoñer nos seus cargos aos seguintes concelleiros de elección popular:

Eduardo Valdés Pardo  
 Jesús Doval García  
 Avelino Valeiro Sampedro  
 Ramón Doval Beade  
 Antonio Mosquera Caridad  
 José Seoane Freire  
 Manuel Ares Otero  
 Jesús Dans Sánchez  
 Manuel Vila Graña  
 Jacobo Caramelo Alonso  
 José Vázquez Pedreira

Esta nova corporación toma posesión o 6 do mesmo mes no Concello de Carral, ao mesmo tempo que se repón como Alcalde a Eduardo Valdés Pardo, elixido por elección popular. Na toma de posesión realiza un plan de intencións políticas:

*Al volver pues, como siempre esta Corporación, y yo con ella, como salida del pueblo por su soberana voluntad, se ofrece a todos vosotros, para seguir laborando por encima de todo por el bien del distrito, con mayor entusiasmo y cariño que nunca, y velando siempre por sus sagrados intereses<sup>8</sup>*

Neste novo tempo, o Alcalde cambia tamén os Alcaldes de barrio, tan importantes para o desenvolvemento do día a día na política municipal, e elixe a:

Por Cañas	Antonio Montes Cañas
Por Paleo	Felipe Rodríguez Santos
Por Quembre	Julio García Boga
Por Sergude	José Rey Gestal
Por Sumio	José Brea Brandariz
Por Tabeao	Manuel Fernández Barbeito
Por Veira	Manuel Núñez Rodríguez
Por Vigo	Antonio Gómez Pérez

A Corporación Municipal presidida por Eduardo Valdés, o 17 de xuño de 1936 acordou repoñer no seu cargo de Inspector Veterinario, con carácter interino Carlos Troche, que fora destituido pola corporación gubernativa anterior. Con esta reposición abónaselle tamén a gratificación mensual, afecta á consignación anual.

O día 15 de xullo de 1936 celebrouse o último pleno municipal da República, presidido polo Alcalde Eduardo Valdés Pardo, cos tres concelleiros que formaban o principal núcleo da devandita corporación. Nesta sesión falouse dos actos de subasta e adxudicación para a instalación e suministro de alumeadío eléctrico en Carral; do vindeiro reemprazo de mozos e cartillas militares; da solicitude de Telefónica para a instalación de teléfonos públicos no término municipal. Como podemos entender a corporación estaba traballando normalmente por acadar novos servicios, e mellorar

---

<sup>8</sup> Arquivo Municipal do Concello de Carral

outros, solucionando os problemas que ían xurdindo e achegando os benefícios das novas tecnoloxías do momento.

*Decretouse a nada, a morte criminal,  
¡Mais a semente agromou e baril  
porque o sangue inocente é inmortal!.*

**Manuel María**  
Cantiga da poesía *Ós asesinados  
galegos polo terror fascista.*

## **2. GOLPE MILITAR E GUERRA CIVIL**

A primeira nova que atopamos respecto do golpe militar no Concello vai a ser a comunicación que dende o cuartel da Garda Civil de Carral, fai o Garda 1º Ramón Sauquillo Pérez, de que o veciño deste Concello, Antonio Santos Rapela presentouse o 22 de xullo de 1936, indicándolle que falara ás 11 da mañán cun tenente da Benemérita, informándolle que *querían volar con dinamita el cuartel de la Guardia Civil de Carral*. Polas sospeitas que se tiñan da devandita declaración houbo orde aos gardas de que se resistiran pola forza diante de calquera anormalidade e que ao seguinte día chegarían reforzos. Este mesmo veciño solicitou a súa reposición no cargo como Depositario de fondos dese Concello. Semella raro que unha e outra nova sigan un camiño paralelo, coma se Antonio Santos, tentara unha mediación oficial para a consecución do seu obxectivo, ou sexa, volver ao cargo no Concello.

Cando o golpe militar do 20 de xullo de 1936 nos cuarteis herculinos derivou nunha guerra civil de tempo indefinido precisábase un cambio de rumbo para a sociedade. Demandábanse capitais, armamento e sobre todo, cartos para o financiamento do conflicto e a súa resolución positiva para os sublevados. Foron constantes os chamamentos á colaboración monetaria, material ou persoal durante a guerra. O Alcalde de Carral, o 10 de agosto do mesmo ano, envia a todo o Concello unha proclama onde fai un apaixoadío e fondo discurso patriótico e de chamamento a todos os habitantes do Concello para que colaboren e participen en todo o que poida axudar aos soldados do bando franquista<sup>9</sup>

O Alcalde de Carral, Laureano Núñez Rivas, como subdelegado administrativo, escribe un chamamento a todos los vecíños e veciñas do Concello no que se explica a xesta de rescatar a *nuestra querida España* de todos aqueles que desexan afundila na escravitude, para o que se xuntaron en contra todas as demais forzas armadas e gran número de voluntarios. A fin de sufragar esta guerra, pode o pobo enviar viveres, diñeiro ou presentarse voluntarios para loitar.

Esta misiva remítense aos párrocos, que funcionan como privilexiados voceiros da sociedade local, e a todo o pobo en xeral.

A finais de agosto dese mesmo ano, día 24, o Gobernador Civil designa ás persoas que formarán parte do Consejo Municipal, como representantes das parroquias, sendo o Alcalde Laureano Núñez Rivas. Estos son os integrantes do Consejo Municipal:

---

<sup>9</sup> Ver apéndice documental número 6.7.

NOME E APELIDOS IDADE PROFESIÓN.....PARROQUIA

Antonio Montes Cañas	52	Labrego	Cañas
Alfredo Hermida Gómez	31	Industrial	Paleo
Jesús Vázquez Rodríguez	36	Labrego	Quembre
José Villaverde Rodríguez	36	Labrego	Sergude
José Santos Doval		Labrego	Sumio
José Morandeira Regueira	41	Industrial	Tabeaio
Juan A. Pérez Amil	51	Propietario	Veira
Antonio Gómez Pérez	44	Labrego	Vigo

Neste mesmo mes de agosto, o Alcalde-delegado civil de Carral, Laureano Núñez, notifica ao Gobernador Civil, que *para atender las múltiples ocupaciones de su vida, que le impiden poder atender el cargo que honrosamente ha sido designado, puesto que, mis medios de vida, requieren mi constante presencia en ellos, y por lo tanto, muy en contra de mi voluntad, no podía prestar atención debido al referido cargo, es por lo que ruego a su autoridad, tenga a bien, nombrar a persona, que me sustituya en el mismo, por serme, como dejo dicho, imposible desempeñar.* Non hai documentación de que esta petición fora atendida, xa que como se pode ver na relación que se indican a continuación, segue como Alcalde o mencionado Laureano Núñez. A Xestora constituida o 22 de outubro inaugura o seu traballo, integrada polo Alcalde, como Delegado Civil, e a metade dos subdelegados parroquiais, do seguinte xeito:

**COMISIÓN XESTORA:**

Laureano Núñez Rivas – Presidente

Alfredo Hermidas Gómez

Antonio Montes Cañas

Jesús Vázquez Rodríguez

José Villaverde Rodríguez

1º tenente Alcalde – Alfredo Hermidas Gómez

2º tenente Alcalde – José Morandeira Regueira

Síndico – Juan Antonio Pérez Amil

Na mesma sesión, e facendo uso das facultades que otorga a Lei Municipal, o Alcalde crea tres comisións informativas, a fin de completar o organigrama de traballo da corporación. As comisións estarán integradas polas seguintes persoas:

**COMISIÓN DE FACENDA.-**

José Morandeira Regueira – presidente  
Antonio Montes Cañas

Ricardo Rapela Rande

**COMISIÓN DE OBRAS.-**

Antonio Gómez Pérez – presidente

Juan Antonio Pérez Amil

José Santos Doval

**COMISIÓN DE BENEFICENCIA E SAUDE.-**

Santiago Insua Toja – presidente

Alfredo Hermidas Gómez

José Gómez Ponte

O Alcalde Laureano Núñez, suscribe unha providencia, con data 12 de novembro, derivada da circular do Gobernador Civil do 29 de outubro último, inserta no Boletín Oficial nº 250 do día 30 seguinte, polo que como aclaración e ampliación da circular do propio goberno de data 16 do mencionado mes, referente á sustitución das Comisións Xestoras municipais, dispuxeronse normas definitivas neste respecto, por medio da presente, e no desexo de dar a maior eficiencia as compoñentes deste organismo municipal, adoptábase o acordo seguinte:

1- Confirmar nos seus cargos de representantes deste Concello a: Alfredo Hermida, Juan Antonio Pérez, Antonio Montes, e Jesús Vázquez, para os que foron designados, cumprindo o disposto nas letras a) e b) da circular de 16 de outubro antes referida.

2- Completar a representación municipal con: Manuel Andrade, Ricardo Rapela, Antonio Vázquez, Francisco Espiñeira, Jesús Santos, José Morandeira, Santiago Insua e Antonio Gómez, toda vez que con arreglo ao disposto no artigo 39 da Lei municipal, son trece, co Alcalde, o número de Concelleiros que lle correponden a esta Corporación.

3- Designar a Alfredo Hermida, José Morandeira e Juan Antonio Pérez, 1º, 2º tenentes de Alcalde e síndico, respectivamente, facendo uso a este efecto

das facultades que lle confire o párrafo 2º do número dous da circular de 29 de outubro último.

4- Deixar sen efecto a designación primitivamente feita a favor de José Villaverde, para formar parte da Comisión Xestora, tendo en conta as especiais condicións de intenso traballo do mesmo.

Na sesión de 25 de decembro de 1936, de carácter extraordinario, o primeiro tenente Alcalde, Alfredo Hermida protestou, cos seus compañeiros:

*Contra la intervención en la tramitación del Repartimiento de Utilidades, de persoas afectas al llamado Frente Popular, después de iniciado el glorioso Movimiento Nacional, así como también contra las anomalidades advertidas en dicho documento, con favoritismo en las notas asignadas a individuos del Frente Popular, en perjuicio de los que secundan el Movimiento nacional, existiendo raspaduras, que así lo justifican.*

O Alcalde, Laureano Núñez, no seu turno de réplica, indicoulle que:

*Que los Repartimientos de Utilidades habían dejado de ser un arma caciquil, que no tenían carácter sancionador punitivo, pues constituían exclusivamente un recurso de la Hacienda Local y que, en cuanto a las raspaduras era perfectamente explicable un error material, desde luego, no de envergadura y que, no obstante, reconociendo la dificultad de una justicia total en la asignación de cuotas, convenía en bien de la pronta normalidad administrativa no obstaculizar dicho Repartimiento, con un plazo de dieciocho días para reclamaciones, podían estimarse todas las declaradas justas, subsanando las deficiencias advertidas, evitando deste modo un mal mayor de una anulación de tal documento que, por falta de recursos, produciría un colapso en la vida municipal.*

*De nada valieron estas reflexiones, pues insistieron en que ya esto lo habían acordado entre ellos, haciendo hincapié no en sus respectivas cuotas, sino en los efectos a quienes señalaban como tal Frente Popular, dando a entender, deste modo, que querían, como a la antigua usanza, servirse del Repartimiento, como instrumento de venganza, y al hacerlo resaltar así, me respondieron en forma airada, incorrecta y con tal manifiesto desacato a mi autoridad, que me vi obligado a suspender ipso facto la sesión*

No informe da alcaldía dirixido ó Gobernador Civil, Alfredo Hermida, tentou que o recaudador municipal cambiara as Utilidades deste Concello, polo que convencen aos outros dous concelleiros neste aspecto sinalado, *máxime cuando aún no se han disipado totalmente las doctrinas vertidas sobre los paisanos, antes del glorioso Movimiento Nacional, de resistirse al pago de impuestos.*

No mesmo mes de decembro de 1936 suspéndense dos seus cargos aos concelleiros Alfredo Hermida Gómez, Francisco Espiñeira, Juan Antonio Pérez Amil polo *delito de desacato a la autoridad del Alcalde, quien al efecto hizo uso de las facultades que le confiere la circular de enero de 1936*

O espíritu do novo réxime vai afondando e copando todos e cada un dos recunchos da nosa terra. No 1937 tócalle o turno ao cambio de nomes nas rúas e prazas do Concello, nunha moción presentada polo Alcalde, en sesión de 12 de xullo, para conmemorar o primeiro aniversario da morte do *insigne estadista Excmo. Sr. José Calvo Sotelo, al caer villanamente asesinado por los sicarios de la miserable que entonces tenían en sus manos los destinos nacionales.* Con este motivo, a alcaldía fai unha gabanza da personalidade inmensa *del gran patriota, quien no vaciló ni un instante en ofrecer su vida por la salvación de España, respondiendo a la sentencia de muerte lanzada por un gobierno de apropio, con aquella gran frase, digna de su vida de honor y sacrificio por la Patria: Vale más morir con honra que vivir con vilipendio.*

Segundo os acordos tomados nesta sesión plenaria, apróbanse as seguintes disposicións:

- 1- Dar o nome de “Plaza de Calvo Sotelo” á praza da Capela do Socorro.
- 2- Colaborar o día 17 de xullo, no funeral institucional na parroquia de Paleo, aos que serán invitados as autoridades locais e milicias militares.
- 3- Celebrar tamén, o día que se considere oportuno un acto cronolóxico na súa memoria.
- 4- Co novo curso escolar, interesar dos mestres-mestras nacionais, para que impartan conferencias que lembren “la personalidad del gran patriota”.

Un ano máis tarde volven a presentar moción respecto deste mesmo tema. Varios veciños, dirixidos por Gregorio Pomar Martínez, solicitan honras fúnebres para o ‘protomartir’, e que se realice unha lápida co nome de *Calvo Sotelo* na Praza da Capela.

A este relatorio engadimos gran parte do escrito no capítulo dedicado ao ENSINO, xa que as obrigas impostas aos mestres/mestras, as contínuas prohibicións de libros escolares e as ordes de tipo político e relixioso condicionaban de xeito notable o seu traballo pedagóxico.

En referencia a esto último, os ensinantes vironse sometidos a constantes inspeccións, educativas, sociais e políticos, ou obrigados a enviar informes arredor da súa función. Mesmo as autoridades solicitaban constantemente información sobre os mesmos, que non esquenzamos que se constituiran en referentes do cambio republicano. Como exemplo desta forma de proceder, expoñemos o enviado pola alcaldía de Carral, en referencia ao mestre Leonardo Gomez de la Iglesia:

Conducta profesional: Favorable en todos os aspectos.

Conducta social: Algúns din que estivo en relación co “Comité Socialista de Carral” no ano 1936

Conducta particular: Favorable

Respecto as súas actividades políticas e sociais: De pensamento e tendencia dereitista, se ben no desexo de obter unha posición de convivencia coas diversas situacións políticas, é de dominio público que seu fillo Hilario Gómez Gómez, de 23 anos, aparecen prestando apoio para constituir o “Comité Socialista de Carral”, logo das eleccións de febreiro de 1936<sup>10</sup>

Nestes continuos cambios que ten a política nestes anos, volve a presentarse unha resolución adoptada polo Gobernador Civil , polo que cesa nas súas

---

<sup>10</sup> Arquivo Municipal Concello de Carral

funcións á actual Corporación e sustituila por outros, que deben tomar posesión o xoves 14 de novembro de 1940:

César Otero Pardo  
Juan Seijas Insua  
Francisco López Muiño  
José Bao Rama  
Ramón Muiño Barbeito  
Pedro Couto Couto  
Felisardo Seoane Brandariz  
Julio Morandeira Ponte  
Celestino Romero Rodríguez

*¡Probe mestre, adourado  
pol-os teus rapaciños,  
ii tamén has andado  
do calvario dos camiños!*

*¡É a lección derradeira  
que o noso mestre amado  
dou,n' unha carretera  
un día señalado.*

Ramón Rey Baltar  
Cantigas da poesía “Un mártir”

### **3. ENSINO E REPUBLICA.**

*A II República supón o segundo intento, tras o fracaso do sexenio revolucionario, de implantar en España unha democracia moderna e avanzada, que superase o vello sistema caciquil e completase así as tarefas dunha revolución burguesa. Porén, chegou nunha forte conflictividade social, en medio dos efectos da crise do 29 e as súas consecuencias, co ascenso do fascismo en Europa, todo o cal tamén provocaría, ao cabo, a frustración deste intento<sup>11</sup>*

A chegada do novo réxime republicano supuxo en materia educativa a oportunidade de poñer en práctica as esperanzas dos rexeneracionistas, os institucionistas e o reformadores do movemento obreiro. O programa educativo que se propuxo implantar a República aparece claramente definido no relatorio que presentou ás Cortes Constituientes ó Consello de Instrucción Pública. Este relatorio, que pretendía reformar a antiga Lei Moyano, deseñaba un ensino concebido como servizo público, aínda que sen excluir a posibilidade do ensino privado, de carácter social e gratuito, polo menos nos niveis primario e secundario, laica ou aconfesional e coeducativo, é decir, integrando nos centros docentes por igual alumnos dun ou outro sexo, idea naqueles tempos pouco menos que revolucionaria. Tamén concibía a educación pública como unha unidade orgánica que evitase a separación radical entre os distintos niveis de ensino e implicase tamén unha preparación equivalente, que non igual, para o profesorado dos distintos graos, dando unha formación universitaria aos mestres de primaria e formación pedagóxica aos docentes de secundaria e universidade.

Os principais problemas educativos que tivo que afrontar o goberno de Azaña durante o primeiro bienio eran esencialmente dous: a necesidade de lle dar un forte pulo ás construcións escolares e a preparación e dignificación, tamén no terreo económico, do profesorado. Respecto ao primeiro foi un lento proceso de creación de escolas durante o reinado de Alfonso XIII, do que é un expoñente o elevado grao de analfabetismo, un 32%.

Á chegada da República había en España 32.690 escolas, case todas unitarias. O goberno inclínase pola escola graduada, pero o máis urxente era proceder á escolarización masiva, facendo efectiva a obrigatoriedade do ensino, que levaba anos en vixencia, pero non aplicada na práctica. Para atender a todos os nenos/nenas en idade escolar estimouse que era necesaria a construción doutras 27.151

---

<sup>11</sup> Flores Tristán, F.; (2006), *A escola na II República. Guía didáctica*, Santiago

escolas, o que era case tanto como duplicar seu número. O goberno aprobou un plan quinquenal de construcións escolares. Aínda que durante o primeiro bienio se fixo un grande esforzo de investimento, as previsións finais non se cumpriron polos efectos da crise do 29, pola paralización que sufriu este plan durante o goberno das dereitas, no “bienio negro”, e polo golpe de estado e posterior guerra civil, que rematou, non só co plan, senón coa República. Hai que entender que este obxectivo de escolarización obrigatoria, que se propuña conseguir a República nos anos trinta, non se alcanzou en España ata os anos setenta coa Lei Xeral de Educación.

Tan importante coma o financiamento era formar o profesorado necesario para estas tarefas. O goberno comezou adoptando medidas urxentes para seleccionar mestres-mestras, ascendendo ás escalas máis baixas, incrementando os salarios e recrutando novos mestres a través de cursos profesionais e a posterior selección de tribunais. Pero a medida máis importante, aínda que máis a medio prazo, foi a de reformar o sistema de formación de mestres-mestras. A súa formación cultural faríase nos institutos, pois esixiríase o bacharelato. A preparación profesional recibiríanas nas Escolas Normais. Os estudos durarían tres anos. Por último, habería un ano de prácticas en escolas anexas. Os mestres seleccionarianse nas mesmas Escolas normais, desaparecendo o sistema de oposicións. Por último, reformóuse tamén a inspección dotándoa dun sentido máis pedagóxico, de apoio ao profesorado, e facendo inmóviles os inspectores para facilitar a súa independencia profesional.

A política dos gobernos conservadores, bienio radical-cedista (1934-1936), de coalición caracterizouse en materia educativa, coma no resto das cuestións, por unha freada e paralización das reformas emprendidas durante o bienio azañista.

A política de construcións escolares retardouse durante este período, agás as de Madrid. Este retraso garda unha certa relación coa paralización da política de substitucións de colexios relixiosos por públicos. En efecto, a Lei de Congregacións aprobada en 1933 prevía a desaparición a finais dese ano, de todos os colexios relixiosos e a súa sustitución por centros públicos. E decir, prohibíalles a docencia ás ordes relixiosas, pero non prohibía estrictamente o ensino privado de carácter relixioso, rexentado, por exemplo, por laicos.

A educación revisou a situación da escola pública. A mesma Inspección de Educación sufriu duros ataques por parte da prensa conservadora, polo que o Estado suprimiu a Inspección central e eliminou o carácter fixo e dos inspectores.

O novo Goberno da Frente Popular tras as eleccións de febreiro de 1936, retornou aceleradamente á política do primeiro bienio. En materia educativa fixo táboa rasa dos cambios efectuados durante o bienio negro, a excepción do plan de bacharelato. Así, restablece a coeducación, a representación estudiantil, a posición anterior dos inspectores, reinstarouse a inspección central.

Reiniciouse o proceso de substitución de escolas relixiosas en suspenso polo anterior goberno e impulsóuse novamente a construción de escolas e centros educativos. Todos os proxectos de futuro viñéronse abaixo co golpe militar de xullo e a posterior guerra civil.

A partir de xullo de 1936, éntrase no período de guerra civil , que se caracterizou en materia de ensino, pola excepcionalidade propia dos tempos de guerra. Por unha banda, as condicións materiais foron precarias, pois todos os recursos se subordinan ao esforzo da guerra, por outra, o ensino adquire un matiz máis ideolóxico. En Carral, coma noutros moitos lugares convivían as autoridades do réxime franquista, cheas de medos e condicionamentos cara a escola e aos mestres-mestras, e a constante ánimo de prohibir todo o que cheirara a libertade, crítica aberta ou a educación democrática e participativa. Dalgún xeito, o ensino considerouse unha fronte máis na loita contra a República. O grupo de ensinantes, neste período do pasado de Carral, foi constantemente maltratado, castigado e rexeitado polos gobernos de turno.

A principios dos anos 30, o municipio de Carral, contaba cunha escola pública en cada unha das súas parroquias, aínda máis nalgúnha delas tamén existía escola de adultos, o que dá idea da importancia que a xente do Concello lle daba a saber ler e escribir, elementos que tamén estaban promocionados polos sindicatos e asociacións agrarias. Con este ambiente escolar é lóxico que funcionara un *Consejo local de enseñanza* que se xuntaba periódica e rotatoriamente por cada unha das escolas do municipio. Precisamente, en sesión ordinaria de 23 de febreiro de 1933, o Consello Local informa arredor da petición que realiza Ramón Ares Grela para a apertura dunha escola no lugar de Taramuño, na parroquia de San Vivente de Vigo, para dar clases diurnas e de adultos. O Consello desestima a petición tanto por entender que o ensino está ben atendido pola Escola Nacional de San Vicente, como por non presentar o interesado título acreditativo, nun centro á que asistían un total de 163 nenos e nenas<sup>12</sup>.

---

<sup>12</sup> Arquivo Municipal Concello de Carral

O interés da xente do Concello polo ensino manifestase doutros xeitos. Na devandita Comisión preséntase unha solicitude de Antonio Taboada Insua, ofrecendo a súa casa como local-escola na parroquia de Quembre, nun distrito en que as escolas estaban ubicadas en locais de casas particulares, e que cobraban por iso un aluguer do Concello con evidentes elementos negativos para o desenvolvemento da tarefa educativa<sup>13</sup>.

Entre a necesidades de mellor escolarización e mellores edificios escolares, hai unha constante petición de novas escolas. Na sesión extraordinaria celebrada o 5 de abril de 1932 reclámase a creación dunha escola *servida por una maestra denominada de Bruma para este lugar y el de Travesas*, cuestión que aproba o consello local y sitúa no lugar de As Travesas, *por su situación y mejores medios de comunicación*, na estrada Betanzos-Mesón do Vento para os lugares:

As Travesas	15 veciños	
Lago	3 veciños	a 500 m. da escola
Mella	2 veciños	a 0'5 km da escola
S. Bartolomeu	2 veciños	a 1 km da escola
Argonte	8 veciños	a 2 km da escola
Bruma (Axnt. Mesía)	14 veciños	a 2 km da escola

No mesmo ano, Andrés Barbeito Ramos, cesa como mestre interino, o 7 de marzo, da escola pública de Tabeao

M<sup>a</sup> Rosa Villares Torres, cesa o 30 de xuño na escola de Carral  
 Regina Pedrosa Méndez toma posesión como mestra sustituta o 1 de xullo, na escola nº 1 de Sumio.

Nun informe presentado en sesión ordinaria o 2 de xuño de 1933 indícase que, por orde da Inspección de Ensinanza Primaria clausuranse os locais das escolas de Carral nº 1 por *no reunir condiciones higiénicas y pedagógicas los locales respectivos*, quedando o Concello encargado de procurar *a la mayor brevedad posible otros locales apropiados y que reunan las condiciones necesarias*.

Un mes máis tarde, o Consello Local de Ensino, recibe unha instancia de Pedro Boquete solicitando lle fora concedida *autorización para dedicarse a*

---

<sup>13</sup> Arquivo Municipal Concello de Carral

*la enseñanza de adultos en el pueblecito de Herves, diciendo que se halla impedido para el trabajo, razón por la cual viene dedicándose, en el lugar de su residencia a dar clase de adultos, los cuales no pueden acudir, según él, a la Escuela nacional por impedírselo sus trabajos y ocupaciones incompatibles con las horas de clase y la distancia que los separa de aquella.* O Consello informa do impedimento físico de Pedro Boquete, perda de brazo esquierdo, e indica que tamén imparte clases a nenos en horas diurnas, coa particularidade de que a escola nacional está *frente su propia casa*. Nunha reunión posterior, de 18 de setembro, queda denegada a solicitude do Sr. Boquete por *conceptualo perjudical a la enseñanza en dicho pueblo, por estar suficientemente atendida dicha enseñanza*.

O reiterado afan da sociedade de Carral por levar a todos os currunchos do Concello as primeiras letras, sendo Alcalde Eduardo Valdés, fixo que a Corporación Municipal o 24 de novembro, acordou oficiar ás autoridades educativas, a fin de que, coa maior urxencia a creación de tres escolas nacionais nas parroquias de Quembre, Veira, que abrangue a aldea de Herves e outra en San Vicente de Vigo a situar no lugar de Taramuño.

En referencia ao ano 1936, debemos considerar un antes e un despois do inicio da Guerra Civil. Deste xeito en xuño deste ano, o Concello en sesión ordinaria ordea colaborar cos municipios de Mesia e Abegondo nos gastos de material para crear a Escola das Travesas. Asemade o Alcalde indica

*la necesidad de resolución del problema de la enseñanza primaria, planteado en este Termino municipal, debido no solo a la escasez de locales, sino también a lo reducido de sus dimensiones y a su deficientísima instalación; y este problema, preocupación constante del ayuntamiento, se encuentra en la actualidad, agravada con la clausura impuesta por la Inspección de las Casas-Escuelas de niños y de niñas de Carral, por el estado ruinoso de sus edificios que amenazaban la seguridad de sus escolares y de sus maestros y que, a pesar de los buenos deseos no fue posible encontrar inmuebles aptos para la función docente, por carecer de ellos el Distrito, y así hubieron de acondicionarse en locales municipales, uno de ellos en una habitación de la Casa Consistorial, desde luego impropios,, si bien así se evitó que de momento quedasen sin Escuelas los alumnos, pues era de advertir que ya en otras ocasiones se había interrumpido la Enseñanza, que duró meses y aún pasó del año, precisamente por las causas referidas.*

Segue a comunicación na sesión plenaria indicando os principais problemas que acontecen, no campo da Ensinanza no Concello de Carral, que nos permitimos seguir copiando, xa que as referencias son claras e mesmo elocuentes da situación escolar nese ano:

*en cuanto a las parroquias de Cañas, Quembre y S. Vicente de Vigo se opera igual perturbación en la función docente, los mestros desplegan la mejor voluntad para que alcance a todos, la Instrucción Escolar, estableciendo para ello, hasta tres tramos diarios y no obstante estos loables esfuerzos , ni toda la población escolar se beneficia ni la enseñanza se da conforme a las mínimas exigencias de la moderna Pedagogía, por las Casas-Escuelas y no hay otras – son casas de labor, propias para el campo, con cuadras y dependencias parecidas, por regla general, reducidas y de pobres condiciones sanitarias. Ahora bien, la República, en el nobilísimo afán de acabar con la lacra del analfabetismo y elevar el nivel cultural de la Nación, ha dictado, al efecto disposiciones serias, para que la Enseñanza popular llegue a los más apartados rincones, sin que nadie quede sin recibir instrucción, dotándola al mismo tiempo de edificios amplios, higiénicos y aptos en fin, para tan elevada función, y el ayuntamiento, continua la Presidencia, se halla en el imperioso deber de seguir las normas trazadas por la República, consiguiendo para el Municipio, una instrucción primaria amplia y dignamente instalada, debiendo a estos fines, acogerse a los beneficios del Decreto de Instrucción Pública y Bellas Artes de 14 de Junio de 1934, mejorado por otro, de 7 de Febrero último y aclarados ambos por orden de este Departamento el 18 deste mes.*

*La corporación , hace suyas las manifestaciones de la Presidencia y acuerda:*

*1-       Solicitar del Estado la subvención total de la cantidad de doscientas setenta y cuatro mil pesetas para la construcción con cargo al Municipio de los edificios escolares siguientes.*

*a-       Realizar las construcciones escolares en Carral, compuesta de las dependencias siguientes: tres secciones unitarias de niños, tres secciones unitarias de niñas, dos salas de trabajo manuales, una biblioteca, un museo escolar, una inspección médica escolar y una conserjería, con la subvención de ciento cuarenta y cuatro mil pesetas, o sean doce mil por cada grado.*

*b-       Tres edificios, para situar uno, en cada parroquia de Cañas, Quembre y S. Vicente de Vigo, compuesto cada uno de: una escuela unitaria de*

*niños, una escuela unitaria de niñas y dos viviendas para los Maestros, con la subvención para los tres inmuebles de noventa mil pesetas, o sean diez mil por Escuela y cinco mil por vivienda<sup>14</sup>*

Mentras o aluguer de baixos era a práctica cotián empregada para impartir ensino, como se ensire na comunicación da alcaldía, e na que se consignan determinadas partidas:

Ano 1935 , pagado no 1936.-

Casa-Escola de nenos nº 2 de Carral	33'33 pts.
Escola de Cañas	225 pts.
Escola de Sergude	250 pts.
S. Vicente de Vigo	300 pts.
Casa-Escola de Sumio nº 1	277'10 pts. <sup>15</sup>

Pasados os primeiros momentos tras a sublevación militar de 1936, o Concello de Carral, presenta expediente para a constitución do *Consejo Local de 1ª Enseñanza*, de conformidade coa circular gubernativa de 25 de agosto, xa que o anterior consello, que tiña como Presidente a Ignacio Novoa Villardefrancos, foi disolto con data 25 do mesmo mes e ano, polo que o novo quedaba formado a partir do 1 de setembro cos seguintes membros:

Leonardo Gómez de la Iglesia, como mestre máis antigo e que actuará como secretario

Daniel Suárez Guerra, párroco de Paleo  
 Manuel Reboreda Ponte, pai de familia  
 Dolores Rodríguez Insua, nai de familia  
 Laureano Núñez Rivas, Presidente, delegado do Gobernador

No mes de agosto reciben todos os mestres e mestras a seguinte orde, indicando a data de comezo do curso escolar e sinalando os obxectivos que persegue o novo Goberno en referencia á Ensinanza Primaria:

- Pedra fundamental do Estado, para formación dos nenos e á cultura xeral.

<sup>14</sup> Arquivo Municipal Concello de Carral

<sup>15</sup> Arquivo Municipal Concello de Carral

- Españolización da xuventude do futuro.
- As clase comenzarán o 1 de setembro, en sesión matutina de catro horas ata o día 15, e en dúas sesións de tres horas a partir do dia 16 do mesmo mes.
- A ensinanza responderá ás *conveniencias nacionales*
- Os xogos infantís, obligatorios, tenderán á *exaltación del patriotismo sano y entusiasta de la España nueva*<sup>16</sup>

O comezo do curso escolar 1936-37 significou un troco importante nas escolas: horarios, prácticas pedagógicas, feitos religiosos, proclamas patrióticas se misturan nun exercicio de controlar calquera intento de actuar directa ou indirectamente contra o novo réxime. Citamos a modo de exemplo unha circular de 27 de outubro de 1936 da alcaldía de Carral, remitida pola Inspección Provincial, na que con carácter urxente, cada mestre debe remitir *una relación detallada de libros que obran en las escuelas de sus respectivos cargos, tanto de lectura o estudio, como de los que formen parte de bibliotecas circulantes o particulares*. Consecuencia desta orde e a que se recibe no seguinte ano, se ordea *la inmediata destrucción de la nueva Enciclopedia Escolar en tres grados de Félix Martí Alpera por tener conceptos contrarios al espíritu que anima el Movimiento Nacional, en todas las Bibliotecas Escolares de su jurisdicción*.

A autoridade educativa segue enviando notificacións relativas aos libros da escola, que deben dar resposta a *los sanos principios de la Religión y Moral cristiana*, polo que se debe enviar outra relación detallada dos libros que haxa na escola, aínda que coa *expurgación* entre outros das obras tituladas “Una historia del mundo para los niños”, coa inmediata retirada da mesma e a “Historia de España” de Fernández Ruiz, que segundo as autoridades é *un libro inspirado en un espíritu manifiestamente anticristiano*, polo que ordean:

a- *Que sean recogidos y destruidos a la mayor brevedad posible todos cuantos ejemplares de las mencionadas obras se hallen en la biblioteca escolar.*

b- *Que se sirva remitir a este Rectorado, relación de los nombres de los maestros de su provincia que adquirieren aquellos ejemplares para sus respectivas escuelas.*<sup>17</sup>

---

<sup>16</sup> Arquivo Municipal Concello de Carral

<sup>17</sup>. Arquivo Municipal Concello de Carral

Durante este curso escolar 1936-1937 existían no Concello de Carral as escolas:

- Escola de nenos nº 1 de Carral
- Escola de nenos nº 2 de Carral
- Escola de nenas nº 1 de Carral
- Escola de nenas nº 2 de Carral
- Escola de Cabrois
- Escola de Cañas
- Escola de Quembre
- Escola de Sergude
- Escola de Sumio
- Escola de Sumio de “Guad-al-Jalu (Fundación)
- Escola de Tabeao de nenos
- Escola de Tabeao de nenas
- Escola de Veira (Hervés)
- Escola de S. Vicente de Vigo

A relación de ensinantes que rexentaban as escolas estaba composta por:

Elvira Yañez	Ignacio Novoa
Leonardo Gómez	María Marcos Raña
Virginia Sánchez	Victoria Cachafeiro
María Viladia	Isabel Miguel Frechilla
José Sayáns	Buenaventura López
Lucila Martínez	Elvira Cruceiro
Celina Barreiro	
Ramón Fernández Lestón da Escola-Fundación, marqués Guad-el-	
Jelu	

A Inspección e o Rectorado de Santiago son os vixiantes da ortodoxia educativa, polo que ordea que o retrato de Franco se coloque en lugar preferente de cada escola e, de xeito urxente se impartan *conferencias documentadas y a su alcance sobre la extraordinaria personalidad del Caudillo y de las excelentes virtudes que concurren en el salvador de España*. Para cumplimentar esta orde, teñen os

mestres e mestras un mes de prazo e mesmo deberan comunicar a realización do ordeado, ao presidente do Consello Local de Educación que trasladara o escrito a la inspección<sup>18</sup>.

---

<sup>18</sup> Arquivo Municipal Concello de Carral

*Berraron os osos brancos do luar,  
Os eixos da terra víronos berrar.  
Pol-a túa morte, pol-o pulo teu,  
Camiño dun novo, limpo, eterno ceu.*

Cantiga da poesía “Manuel Ponte”

**Lorenzo Varela**

#### **4. O PROBLEMA RELIXIOSO. A INCAUTACION DOS CEMITERIOS**

Contamos con poucos datos do acontecido entre a sociedade e a igrexa no Concello de Carral, dos documentos e feitos documentados na época estudiada. A mestura entre o pobo e os párrocos era importante. Eran os mesmos que presidían, xunto coas autoridades civís, os acontecementos oficiais de tipo relixioso e mesmo os realizados en honor do exército sublevado que en seguida se fixo co goberno do Concello de Carral. Non coñecemos datos de enfrentamentos entre cregos e parroquianos, pero si que a partir do estudio das fontes atopadas no Arquivo Municipal contamos cun longo proceso entre a Igrexa e as autoridades locais polo problema plantexado, a nivel oficial, da incautación dos cemiterios.

A morte de familiares, veciños ou amigos son elementos que funden as súas raíces na antropoloxía do noso pobo. Poucas cousas más importantes hai para os galegos que o rito da morte e o cuidado dos cimenterios. Por iso cando o goberno do bienio progresista ordeou que todos os cimenterios pasaran a propiedade municipal, os veciños que tiñan sepultura e nichos nos cemiterios parroquiais de Carral, tanto directa como indirectamente a través do clero, traballaron para recobrar a propiedade dos mesmos. Xa sabemos que os cregos tamén perdían importantes beneficios económicos e sociais, pero tamén o é que a xente se sente preto do eido parroquial, pola importancia e as repercuśóns que ten a morte a todos os niveis, que das institucións civís.

Na sesión plenaria do Concello de Carral de 8 de maio de 1932, o Alcalde expón o escrito na Lei de 30 de xaneiro dese mesmo ano, polo que se autoriza, no seu artigo 1, parágrafo 2º *la incautación de Cementerios que, de hecho, prestan el servicio de Cementerios generales, y resultante que en el término municipal existen los cementerios de Cañas, Paleo, Quembre, Sergude, Sumio, Tabeao, Veira y Vigo, correspondientes a cada una de las Parroquias existentes en el distrito, que es quien dispone todos los actos que en los mismos se llevan a cabo, hecho que no debe persistir; la corporación acordó por unanimidad PROCEDER A LA INCAUTACIÓN de aquellos, en cuanto que la Ley autoriza que todos los cementerios sean municipales.*

Pouco tempo despois, o 14 de xuño, o crego-párroco de San Vicente de Vigo recibe a primeira comunicación do Alcalde, derivada do nomeado acordo municipal, pola que o párroco debe comparecer no cemiterio parroquial que rexentaba, a fin de *proceder* á incautación do devandito cemiterio, que se fai efectiva o 16 do mesmo mes, recollido en acta diante dos testigos:

Párroco de S. Vicente de Vigo- Felipe Rodríguez  
 Alcalde de Carral – Eduardo Valdés Pardo  
 Tenente Alcalde – Jesús doval García  
 Oficial do Concello – José Fuentes Rodríguez  
 Secretario – José Llamas Esmorís.

Este último vai a ser o que teña que ler a normativa e escribir a acta, segundo o relatorio dos artigos do 6º ao 10º inclusive do Reglamento de Cemiterios, polo que se comunica ao párroco que, dende ese momento, *no tendra , ni podrá ejercer sobre el mismo, alguna autoridad, por lo que se refiere a las operaciones que, de toda clase, se lleven a cabo en el citado cementerio, pues es sino la autoridad municipal la que tiene jurisdicción y, por lo tanto, solo a ella, compete disponer, todo lo relacionado con las operaciones propias de aquel lugar.*

O Párroco entrega ao Alcalde as chaves e demais documentos relacionados coa administración e réxime do mesmo, tales como o libro de Rexistro cos nomes dos propietarios *de nichos o sepulturas de propiedad particular*, así como o número de nichos que haxa para a venda, áinda que cada propietario deberá presentar no Concello os documentos de tal dereito. O Crego manifesta que os libros entregados son só propiedade da Igrexa e fai constar en acta a súa máis enérxica protesta pola propia incautación.

O mesmo proceso lévase adiante en cada cemiterio parroquial do Concello cos mesmos autores, trocando como é lóxico, o nome do párroco correspondente. A casuística é multiple e diversa. Hai casos de non entregar chaves ao Alcalde por *carecer el cementerio de portalón de cierre*, ou os libros de partidas de defunción por *no estar afectados, ni incluidos en el hecho de la incautación*, pero todos protestan pola incautación, xa que algúns dos cimeterios están chantados no adro da igrexa parroquial. Os párocos relacionados cos feitos relatados son:

Felipe Rodríguez	S. Vicente de Vigo
Maximino Rivadeneira Cantariño	Tabeaio e Sergude
Juan Yáñez Constenla	Cañas
Daniel Suárez Guerra	Paleo e Quembre

Cando o feito da incautación se realiza na parroquia de Paleo, o párroco, manifesta que as diferencias entre cimenterio e adro estriban en que, o primeiro é donde *se entierran los muertos* e os segundos *lugar destinado y anejo a la misma*

*Iglesia para el culto católico, que está admitida por la vigente Constitución de nuestra República, y así no verse privado de sus usos y serventías.* O Concello realiza unha relación de licencias de enterramentos en número superior aos 106 propietarios en todo o Concello.

No ano 1935, sendo Alcalde César Otero, recolle un Decreto do Ministerio de Trabajo, Justicia y Sanidad, con data do 5 de novembro, publicado na Gaceta de Madrid e que trasmite, en forma de bando o escrito en donde se di textualmente que

*Los cementerios incautados , deberán reintegrarse dueños o subsanarse omisiones, por incumplimientos de los requisitos establecidos en los artículos 6º y siguientes del Reglamento de 8 de abril de 1933 para la aplicación de la Ley de Secularización de Cementerios de 30 de enero de 1932.*

*Y como quiera, que en este término, los Cementerios parroquiales de Cañas, Paleo, Quembre, Sergude, Tabeao y Vigo han sido incautados, sin que conste en el oportuno expediente quienes son sus dueños o sus representantes, habiéndose sido requerido a justificar este extremo, a los respectivos Sres. Curas Párrocos como encargados de aquellas necrópolis en las actas duplicadas de incautación, e medio del presente de hace público a fin de cumplimentar la primera disposición legal, que quienes se consideren dueños o sus representantes legítimos, se personen en el Ayuntamiento con los títulos de propiedad que posean o copia fehaciente de los mismos<sup>19</sup>*

En resposta a este chamamento o párroco de S. Vicente de Vigo, Felipe Rodríguez Sánchez, envia unha solicitude de reclamación do devandito cemiterio argumentando que:

1- Este cemiterio é de fundación particular en terrenos cedidos polo párroco Manuel Boedo Cardois, que era da súa exclusiva propiedade, mesmo pagou os gastos de construcción do mesmo, a partir de 1833, repetindo doación o sobriño do mesmo.

2- Protesta polas obras ampliatorias de cimenterios que se fixeron sen consentimento, reclamando indemnizaciós polos danos e perjuicios ocasionados<sup>20</sup>

---

<sup>19</sup> Arquivo Municipal Concello de Carral

<sup>20</sup> Arquivo Municipal Concello de Carral

A pesar das reclamacións presentadas por este e outros párrocos, o Goberno de Carral, en xaneiro de 1937 en sesión ordinaria deixa sen tomar acordo sobre a reclamación presentada polo párroco de Paleo, é dicir, deixa sen executar a normativa que derogaba a Lei anterior. Deben agardar ao mes de agosto do mesmo ano, para que o Alcalde Laureano Núñez, oficia a cada párroco para comunicarlle que:

*por lo dispuesto por el Excmo Gobernador Civil de la provincia, en oficio que recibo en este día, de fecha 24 del actual (agosto), a medio de la presente, me complazco en participarle la devolución de los Cementerios y otros de \_\_\_\_\_ que Vd. Regente, como cura Párroco de los mismos.*

A diferencia estriba en que o oficio indica que o párroco viña rexentando o cimenterio e agora se lle devolve a *propiedade* á parroquia, de xeito que se notifica por medio da alcaldía:

*I- Proceder a la inmediata devolución de los Cementerios y atrios, en ejecución de lo así ordenado por el Excmo, Gobernador Civil en su comunicación referida..*

*3- Oficiar a los Sres. Párrocos, el acuerdo notificándoles, a medio de atento duplicado, la devolución de sus respectivos Cementerios incautados.*

Coa chegada destes oficios ás respectivas parroquias remata o proceso de incautación, e posterior devolución dos mesmos, que tivo unha duración aproximada de cinco anos.

*Porque como aquelas vítimas  
queremos liberdade para sempre.*

*Porque por aquelas vítimas  
para sempre queremos xustiza.*

*Porque como aquelas vítimas  
queremos liberdade para sempre.*

*Porque por aquelas vítimas  
para sempre queremos xustiza.*

*Porque a realidade é o desexo,*

***PAZ PARA SEMPRE.***

Claudio Rodríguez Fer

## **5. ONOMÁSTICO DOS ANOS TRINTA EN CARRAL**

## HOMES E MULLERES DE CARRAL (1929-1940)

ALLONES, ÁNGEL.- Médico en Carral en 1929

ANDRADE FERREIRO, BLAS.- Presidente do sindicato Agrícola de Sergude en 1930

ARES GRELA, RAMÓN.- Solicita dirixir unha escola no lugar de Taramuño, parroquia de San Vicente de Vigo, que non lle foi concedida en 1932

ARES OTERO, MANUEL.- Concelleiro reposto no seu cargo polo Gobernador civil da Coruña o 4 de febreiro de 1936 (Concelleiro perante 1931/1935 e de Febreiro a Xullo de 1936)

BARBEITO CACHEIRO, JOSÉ Concelleiro interino do Concello de Carral en 1935  
(Dende Maio 1935 a Febreiro 1936)

BARBEITO MOSQUERA, MANUEL.- Alcalde de barrio na parroquia de Tabeao en 1935

BARBEITO RAMOS, ANDRÉS.- Mestre na escola de nenos de Carral. Cesa como mestre interino o 6 de marzo de 1932

BARREIRO, CELINA.- Mestra no Concello de Carral en 1929

BARREIRO CABEIRO, ÁNGEL.- Concelleiro interino do Concello de Carral en 1935  
(Dende Maio 1935 a Febreiro 1936)

BLANCO, MANUEL.- Mestre no Concello de Carral en 1929

BOQUETE, CONSUELO.- Encargada dos festexos en conmemoración da Proclamación da República en 1936

BOQUETE, PEDRO.- Veciño da parroquia de Veira, que dirixía unha escola clandestina, sen ter título docente, en 1932. Logo consegue ser nomeado mestre de adultos.

BOTANA GARABOA, GERARDO.- Labrego e veciño da parroquia de Sumio, de 18 anos de idade. Procesado polo xuzgado militar da Coruña, o 6 de abril de 1934 por “insulto á forza armada”. Solicita ao Concello de Carral informes da súa conducta moral, virtudes e vicios, vida e costumes, hábitos e tendencias, boas e malas compañioas.

BREA BRANDARIZ, JOSÉ.- Alcalde de barrio da parroquia de Sumio en 1936 (De Febreiro a Xullo)

CABANAS DOVAL, ANTONIO.- Alcalde de barrio da parroquia de Sumio en 1935

CANDAL ORGUEIRA, ANTONIO. Labrego, solteiro, veciño da parroquia de Veira, de 21 anos de idade, procesado polo xuzgado militar da Coruña por “insulto á forza armada” e do que se solicita ao Concello de Carral súa conducta, virtudes e vicios, vida e costumes, hábitos e tendencias, boas e malas compañías.

CARAMELO ALONSO, JACOBO.- Membro do Comité Republicano Local. Asinante da acta de constitución e proclamación da República en Carral. (Concelleiro perante 1931/1935 e de Febreiro a Xullo de 1936) Concelleiro reposto no seu cargo polo gobernador civil da Coruña o 4 de febreiro de 1936

CORRAL CAAMAÑO, JOSÉ.- Alcalde de barrio na parroquia de Veira en 1935

COUCEIRO, ELVIRA.- Mestra no Concello de Carral en 1929

DANS SÁNCHEZ, JESÚS.- Concelleiro reposto no seu cargo polo gobernador civil da Coruña o 4 de febreiro de 1936.(Concelleiro perante 1931/1935 e de Febreiro a Xullo de 1936). Veciño da parroquia de Herves. Coñecido coma a “Fogueteiro de Herves”.

DANTES RAPELA, GREGORIO.- Boticario e oficial 1º do Concello de Carral en 1931  
DOVAL BEADE, RAMÓN.- Concelleiro reposto no seu cargo polo Gobernador civil da Coruña o 4 de febreiro de 1936.(Concelleiro perante 1931/1935 e de Febreiro a Xullo de 1936). Veciño da parroquia de San Vicente.

DOVAL GARCÍA, JESÚS.- Alcalde que proclamou a República o 15 de abril de 1931 Concelleiro no governo republicán de Carral en 1931. 1º tenente de Alcalde en Carral en 1933. Presidente do Comité local Republicano. (Concelleiro perante 1931/1935 e de Febreiro a Xullo de 1936)

ESPIÑEIRA, FRANCISCO.- concelleiro suspendido do seu cargo en febreiro de 1936

ESPIÑEIRA, PEDRO.- concelleiro do Concello de Carral en 1929

FERNÁNDEZ BARBEITO, MANUEL.- Alcalde de barrio encargado da parroquia de Tabeao en 1936 (De Febreiro a Xullo)

FUENTES RODRÍGUEZ, JOSÉ.- 2º oficial do Concello de Carral en 1933

GARABOA LOURO, MANUEL.- Veciño da parroquia de Sumio, de 32 anos de idade. Labrego de profesión. Procesado pola autoridade militar o 6 de abril de 1934 por “insulto á forza armada”, no que se solicita ao alcalde informe da súa conducta moral, pública e privada, virtudes e vicios, via e costumes, hábitos e tendencias e boas e malas compañías.

GARABOA LOURO, RICARDO.- Irmán de Manuel, de 35 anos de idade, e procesado polo mesmo motivo

GARCÍA BOGA, JULIO.- Alcalde de barrio da parroquia de Quembre en 1936 (De Febreiro a Xullo)

GARCÍA GÓMEZ, MANUEL.- Alcalde de barrio na parroquia de San Vicente de Vigo en 1935

GESTAL RODRÍGUEZ, JACINTO.- Concelleiro interino do Concello de Carral en 1935 (Dende Maio 1935 a Febreiro 1936)

GÓMEZ, JOSÉ.-Médico en 1929

GÓMEZ, LEONARDO,. Mestre en Carral en 1929

GÓMEZ PÉREZ, ANTONIO.- Alcalde de barrio encargado da parroquia de San Vicente de Vigo en 1936 (De Febreiro a Xullo)

GONZÁLEZ FERREIRO, JOSÉ.- Membro destacado do Comité Republicano Local. Asinante da acta de constitución da República en Carral

HERMIDAS GÓMEZ, ALFREDO.- Suspendido do seu cargo de concelleiro, cando era tenente Alcalde, en Decembro de 1936, instaurado xa o novo rexime.

INSUA BRANDARIZ, ARTURO.- Concelleiro interino no Concello de Carral en 1935 e 2º tenente Alcalde (Dende Maio 1935 a Febreiro 1936)

LAREO GIMENEZ, A. WALDO.- Oficial 1º do Concello de Carral en 1931

LAREO JIMENEZ, ERNESTO.- Secretario do Concello de Carral en 1936

